



Asunto. Solicitud de oferta económica e técnica

Procedemento de Contratación de Asistencia Técnica para asesoramento a promotores na convocatoria extraordinaria de axudas de 2022.

Importe máximo: 4.000 € + IVE.

Exposición de motivos.

A ORDE do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto(código de procedemento PE155A), establece no seu artigo 18 que as solicitudes poderán ser presentadas no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación desta Orde. Por este motivo, o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, ao encarar a última convocatoria de axudas, considera necesario reforzar o servizo de asesoramento a promotores, co obxecto de que os promotores interesados conten con maior apoio a través dun servizo de asesoramento para a formulación dos seus proxectos.

O GALP Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020 e ten coma obxectivo o esgotamento do orzamento destinado a proxectos.

No convenio asinado coa Consellería do Mar - e a súa addenda de decembro de 2020-, en virtude do que, o Grupo deberá contribuír á dinamización da presentación de proxectos ás convocatorias anuais de axudas.

Por este motivo, o Grupo solicita a súa mellor oferta para a prestación dunha Asistencia Técnica para o asesoramento a promotores na recta final do prazo de presentación de solicitudes de axuda do ano 2022 co obxecto de prestar apoio a promotores para a presentación de proxectos candidatos a presentarse a convocatoria de 2022.

Obxecto da Asistencia Técnica

Será obxecto da asistencia técnica, conforme se especifica máis adiante, a atención aos promotores que soliciten apoio para a formulación dos seus proxectos especialmente no deseño concreto e viable dos proxectos individuais ou colaborativos dos promotores.





Condições técnicas da oferta.

A proposta deberá incluír a realización de, aló menos, os seguintes eventos:

- **Presentación pública das actuacións en rolda de prensa, publicidade ou procedemento que garanta a comunicación do servizo.**
- **Labores de asesoramento e acompañamento na presentación das solicitudes de axuda á convocatoria de proxectos do ano 2022. A oferta presentada deberá indcar pormenorizadamente o alcance desta labor de asesoramento debendo indicar o prezo individual desta atención personalizada en función do diferente grado de maduración dos proxectos que se acade con cada promotor que participe no asesoramento.**
- **Tamén se inclúe na labor da asistencia técnica a tarefa de elaborar o Informe final do traballo realizado incluíndo información detallada sobre o perfil dos promotores, probas documentais e gráficas do asesoramento posterior (follas de seguimento e control horario do asesoramento asinadas polo promotores). Deberá incluírse tamén a avaliación do traballo realizado empregando os indicadores da EDLP do GALP Ría de Pontevedra.**
- **Para a certificación do traballo de asesoramento cómpre a emisión dunha enquisa de satisfacción de cada un dos promotores atendidos que debe ser enviada directamente ao correo gacpontevedra@gmail.com por cada un deles para a validación do servizo realizado. O modelo de enquisa de satisfacción será realizado pola empresa adxudicataria en función do servizo ofertado e debe ser validado pola xerencia do GALP Ría de Pontevedra.**

Os medios técnicos para a prestación do servizo correrán por parte da Asistencia Técnica.

Indicadores de resultados esperados.

- N° de xornadas realizadas
- N° de participantes
- N° de participantes mulleres
- N° de participantes novos e novas no programa. Entenderase por xente nova aos menores de 40 anos
- N° de proxectos titorizados.
- N° de proxectos titorizados presentados á convocatoria de axudas 2022.





Contido da oferta – Documentación a presentar.

Na oferta deberá incluírse:

- Oferta técnica coa descrición pormenorizada das actuacións a realizar, medios técnicos para garantir o desenvolvemento da actividade e melloras que se ofertan.
- Oferta económica polo importe da Asistencia Técnica, desagregada nas diferentes partidas e conceptos do traballo a desenvolver e con especificación do IVE. Deberá especificarse o importe por hora dedicada no asesoramento posterior, así coma o importe máximo deste servizo por proxecto titorizado, segundo o grao de desenvolvemento acadado do proxecto así coma o número de proxectos que se compromete a atender dentro do prezo global máximo da contratación.
- Anexos a contratación segundo modelos remitidos polo GALP.
- Acreditación de estar en disposición de contratar de acordo coas condicións establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Sector Público.

Criterios de adxudicación.

O contrato adxudicarase a oferta máis vantaxosa economicamente dentro das que cumpran coas especificacións técnicas e económicas, seguindo as seguintes puntuacións:

- 60 puntos - á oferta máis económica e, proporcionalmente, as restantes seguindo a seguinte fórmula:

$$P = 60 * (\text{OFERTA MENOR}) / \text{IMPORTE OFERTA}$$

- 20 puntos: MELLORAS NA proposta como a inclusión e implementación dun Plan de comunicación do servizo ou a xeración e distribución de material de difusión.
- 20 puntos en función dos valores que comprometa a oferta para os indicadores de resultados das actividades (maior puntuación canto valores máis altos).

Prazo de presentación de ofertas.

O prazo de presentación de ofertas esténdese ata o 11 de febreiro de 2022.





Prazo de prestación da Asistencia Técnica.

O prazo de prestación da Asistencia Técnica estenderase mentres se preste apoio á tramitación das solicitudes de proxectos desta convocatoria que remata para a presentación de solicitudes 28 de febreiro de 2022 e que inclúe un mes máis para responder aos requirimentos que xurdan na tramitación dos proxectos polo GALP Ría de Pontevedra.

Importe da oferta, certificación e pagamento.

O importe da oferta deberá vir especificada para cada unha das accións de forma independente e a súa certificación e pagamento virá condicionada polo cumprimento dos resultados previstos na mesma, en canto a proxectos.

No caso do asesoramento a promotores certificarase en función do custe horario comprometido e horas de dedicación xustificadas mediante a emisión dos informes individuais dos promotores atendidos que deberá vir asinado por este e será obxecto de comprobación individual por parte do GALP Ría de Pontevedra, ata o importe máximo especificado na oferta.

Cláusula de protección de datos

Tratamento dos datos de carácter persoal

Por tratamento de datos de carácter persoal entenderase calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución que afecten a calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

- Información sobre o tratamento:

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados para a xestión do proceso de licitación e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (RXPDP) e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestión do proceso de licitación e a posterior execución do contrato, con base na aplicación de medidas precontractuales a petición do interesado, así como no cumprimento de obrigacións legais por parte do responsable do tratamento.

Os datos poderán ser comunicados a administracións públicas competentes na materia obxecto de licitación ou no control e fiscalización da actividade do GALP da Ría de Pontevedra. Así mesmo, os datos poderán ser obxecto de publicidade, de acordo co disposto nas presentes bases, a través do taboleiro de anuncios e a páxina web do GALP da Ría de Pontevedra.





Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dicha finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa sobre subvencións públicas. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, en Departamento exportadores 14, Porto de Marín, 14 - 36900 Marín (Pontevedra). Email: gacpontevedra@gmail.com, así como, no seu caso, a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

- Normas como encargado do tratamento:

No caso de que o contrato implique tratamento de datos de carácter persoal ou o acceso da empresa contratista ou subcontratista a datos dese carácter, o acceso por parte do contratista aos datos persoais que resulten necesarios para a prestación do servizo ao responsable non se considerará comunicación de datos sempre que se cumpra o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e nas súas normas de desenvolvemento. Deberán seguirse as seguintes regras:

1. O contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento de datos de carácter persoal sexa conforme cos requisitos do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD), e garanta a protección dos dereitos do interesado. En particular, o contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar as medidas que deban implantarse en caso de tratamento de datos persoais para evitar a súa perda, alteración ou acceso non autorizado, adaptando os criterios de determinación do risco no tratamento dos datos ao establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.

2. O contratista encargado do tratamento non recorrerá a outro encargado sen a autorización previa por escrito, específica ou xeral, do responsable. Neste último caso, o encargado informará o Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN 36900 MARÍN (PONTEVEDRA) CIF: G-36593606 Tfno. 886 21 30 15 responsable de calquera cambio previsto na incorporación ou substitución doutros encargados, dando así ao responsable a oportunidade de opoñerse aos devanditos cambios.

3. O tratamento polo contratista rexeráse por un contrato que vincule ao encargado respecto do responsable de conformidade co establecido no art. 28 do Regulamento (UE) 2016/679 que estableza o obxecto, a duración, a natureza e a finalidade do tratamento, o tipo de datos persoais e categorías de interesados, e as obrigacións e dereitos do responsable.

O devandito contrato, que constará por escrito, inclusive en formato electrónico, estipulará, en particular, que o encargado:

- a) tratará os datos persoais unicamente seguindo instrucións documentadas do responsable, inclusive con respecto ás transferencias de datos persoais a un terceiro país ou unha organización internacional, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao encargado; en tal caso, o encargado informará o responsable desa esixencia legal previa ao tratamento, salvo que tal Dereito prohiba por razóns importantes de interese público;
- b) garantirá que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprometéronse a respectar a confidencialidade ou estean suxeitas a unha obrigación de confidencialidade de natureza estatutaria;
- c) tomará todas as medidas necesarias de conformidade co artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.
- d) asistirá ao responsable, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa súa obrigación de responder as solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos dos interesados establecidos na normativa vixente.





e) axudará ao responsable para garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do Regulamento (UE) 2016/679, tendo en conta a natureza do tratamento e a información ao dispor do encargado;

f) a elección do responsable, suprimirá ou devolverá todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude da lexislación vixente.

g) poñerá ao dispor do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no presente apartado, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou doutro auditor autorizado polo devandito responsable.

No caso de que o contratista encargado do tratamento recorra a un terceiro encargado para levar a cabo determinadas actividades de tratamento por conta do responsable, imponse a este outro encargado, mediante contrato, as mesmas obrigacións de protección de datos que as estipuladas no contrato entre o responsable e o contratista, en particular a prestación de garantías suficientes de aplicación de medidas técnicas e organizativas apropiadas de maneira que o tratamento sexa conforme coas disposicións do Regulamento (UE) 2016/679. Se esoutro encargado incumpre as súas obrigacións de protección de datos, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do tratamento polo que respecta ao cumprimento das obrigacións do outro encargado. O contratista encargado do tratamento ou, no seu caso, os seus representantes, deberá manter o rexistro de actividades de tratamento ao que se refire o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679, salvo que sexa de aplicación a excepción prevista no seu apartado 5.

Marín, a 3 de febreiro de 2022

Asdo. Laura Nieto Zas
Xerente GALP Ría de Pontevedra

